



Propostas da CIG para un avance no autogoberno

A reforma do Estatuto de Autonomía non é un tema secundario para Galiza e a clase obreira galega, xa que un aumento da capacidade lexislativa e de xestión implica un maior grao de autogoberno.

Hai exigencias que por seren alicerces do noso ideario político sindical, como o recoñecemento do dereito de autodeterminación e do carácter nacional de Galiza e a loita pola xustiza social, non poden ficar ausentes de ningunha proposta de negociación por principio, por máis que a correlación de forzas non sexa nestes momentos favorábel para acadar totalmente estes obxectivos, xa que afondar na súa necesidade clarifica na xente as distintas alternativas e acumula forzas, para no futuro podermos facer realidade estes obxectivos.



Dende a CIG coidamos que o debate sobre a reforma autonómica debe levarse ao conxunto da poboación galega, e contar coa participación e mobilización de todas aquelas organizacións e persoas que apoian estes obxectivos fundamentais.

Dez obxectivos para a reforma estatutaria

1. Recoñecemento do dereito de autodeterminación e de Galiza como nación: os poderes públicos de Galiza emanan da soberanía do Pobo galego.
2. Impulsar o Marco Galego de Relacións Laborais, a protección social e unhas condicións laborais dignas.
3. Inclusión dunha Carta de dereitos e deberes da cidadanía, e dar pulo á participación da xente nos asuntos públicos. Loitar contra todo tipo de discriminación por razóns de xénero, ideoloxía, crenzas, orientación sexual ou calquera outra significación persoal ou social.
4. Promoción da nosa cultura e historia. Definición do galego como lingua nacional de Galiza; recoñecemento do dereito e o deber de coñecer o galego; promoción da comunicación e cooperación cos países de lingua portuguesa.
5. Impulsar un modelo económico autocentrado, sustentábel e solidario.
6. Novo sistema de financiamento, que tenda ao concerto económico solidario; creación dunha Axencia Tributaria propia.
7. Adaptación do Poder Xudicial ao autogoberno de Galiza.
8. Relación bilateral co Estado, sen excluír a participación en mecanismos multilaterais.
9. Participación de Galiza nas institucións da Unión Europea; recoñecemento do dereito de acción exterior.
10. Recoñecemento de novas competencias e blindaxe das existentes.

Algunhas competencias que figuran na proposta da CIG, e que teñen unha relación directa co mundo laboral

- Corresponde á Xunta de Galiza a **capacidade legislativa** e competencia exclusiva na determinación dun marco de relacións laborais propio.
- Os poderes públicos de Galiza promoverán, conxuntamente coas organizacións sindicais e a patronal, a articulación dun modelo avanzado de relacións laborais, inspirado nos principios de solidariedade, cohesión social, desenvolvemento sustentábel e progreso material e económico, tendente á consecución dun Estado Social Galego.
- As persoas excluídas do mercado de traballo e as desempregadas sen ingresos suficientes, que non dispoñan de medios de subsistencia de abondo, teñen dereito a percibiren prestacións ou un salario de inserción laboral.
- Os poderes públicos de Galiza promoverán unha distribución equitativa da renda persoal e territorial.
- Os poderes públicos promoverán as medidas necesarias de acordo coas súas competencias en materia laboral e de función pública para garantir ás persoas o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.
- Os poderes públicos de Galiza promoverán políticas públicas que fomenten a cohesión social e garantan un sistema público de servizos sociais adecuado ás necesidades da cidadanía de Galiza.



- Dereito de autodeterminación !!!
- Galego lingua nacional de Galiza !!!
- Defensa e promoción dos sectores produtivos !!!
- Marco Galego de Relacións Laborais !!!
- Emprego fixo para todos e todas e salario digno !!!
- Prestacións sociais xustas e solidarias !!!
- Máxima participación política e social
- Rematar con toda discriminación !!!

Divulga estes obxectivos!!!

Debáteos cos teus compañeiros e compañeiras!!!



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com